



BASES DE ADMISIÓN A UNHA LISTA DE ESPERA PARA A OCUPACIÓN TEMPORAL DE POSTOS BALEIROS NOS MERCADOS MUNICIPAIS aprobadas, o 27.01.2023, pola Concelleira delegada Comercio, Mercados, Consumo e Barrios (por delegación da XGL, BOP nº124 de 03.07.23019

PRIMEIRA. REQUISITOS DE ACCESO Á LISTA DE ESPERA

Poderá acceder á lista de espera as persoas físicas ou xurídicas que exerzan unha actividade económica que poida ter encaixe nun posto dun mercado municipal.

Os interesados deberán de carecer de locais da súa propiedade

SEGUNDA. SOLICITUDE, LUGAR E FORMA

A solicitude, presentada pola persoa interesada, xunto coa documentación requirida nas presentes bases, presentárase nas oficinas de rexistro do Concello da Coruña ou a través de calquera das modalidades de presentación de escritos recollidas non artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro. Poderase realizar por vía telemática.

Na solicitude indícarase a actividade e, se é o caso, o mercado e o posto que se solicita posto.

Se a solicitude fose defectuosa ou incompleta, requirirase á persoa solicitante para que no prazo máximo de 10 días emende a falta e/ou acompañe os documentos preceptivos, indicando no devandito requirimento que se así non o fixese, teráselle por desistido/a da súa petición, arquivándose sen máis trámite.

TERCEIRA. CONVOCATORIA DE ACCESO

O acceso á lista de espera rexeráse por un sistema de convocatoria aberta e de carácter permanente, limitado a lista de postos baleiros que se publiquen.

CUARTA. DOCUMENTACIÓN

As persoas interesadas que desexen ser admitidas na lista de espera deberán presentar:

a) Solicitude debidamente cumprimentada e asinada.

Presentará unha memoria describindo a actividade para desenvolver no local, os produtos ofertados, e todas aquelas cuestións que sexan avaliábeis conforme aos criterios de puntuación sinalados na base quinta.

b) No caso de persoas físicas: as cidadáns españois, copia do Documento Nacional de Identidade ou pasaporte. Non caso de cidadáns da Unión Europea deberán presentar copia do número de identificación de estranxeiros (NIE). Non caso de cidadáns de terceiros países, deberán presentar copia do número de identificación de estranxeiros e ou permiso de traballo que corresponda.

c) Non caso de persoas xurídicas: fotocopia compulsada do CIF

d) Fotocopia compulsada de alta da declaración censual na Axencia Tributaria.

e) Certificado de estar ao corrente nas súas obrigacións fiscais e coa Seguridade Social.

A persoa solicitante autoriza ao Concello e ao persoal municipal responsable do departamento de Mercados a realizar cantas comprobacións considere oportunas, co obxecto de verificar ou solicitar novos datos que puidesen afectar á inclusión na lista de espera para a ocupación temporal dun posto nun mercado.

f) Declaración do/da solicitante de non ter locais da súa propiedade



QUINTA. AVALIACIÓN DE SOLICITUDES PARA FORMAR PARTE DA LISTA DE ESPERA PARA OCUPAR POSTOS DE XEITO TEMPORAL NOS MERCADOS

Para a avaliación dos proxectos teranse en conta os seguintes criterios:

a) POSTOS INTERIORES CON VENDA DE ALIMENTOS

Presentarase unha memoria describindo a actividade a desenvolver no posto, que se avaliará ata un máximo de 50 puntos, do seguinte xeito:

CRITERIO	PUNTUACIÓN
1. Grao de dixitalización do establecemento: utilización de medios de pago dixitais, páxina web, redes sociais, etc.	ata 10 puntos
2. Medios de xestión de excedentes de alimentos perecedoiros: aplicacións de venda de excedentes a baixo prezo, ofertas antidesperdicio, etc.	ata 10 puntos
3. Medidas de sostenibilidade medioambiental como o uso de envases reciclables, materiais ecolóxicos, etc.	ata 10 puntos
4. Oferta dunha ampla gama de produtos da actividade de que se trate	ata 10 puntos
5. Non ter ningún outro posto ou local comercial nun mercado municipal	ata 10 puntos

Para entrar a formar parte da lista de espera, e optar a un posto interior nun mercado, a solicitude deberá ter unha valoración mínima de 25 puntos.

b) LOCAIS COMERCIAIS EXTERIORES E INTERIORES DOS MERCADOS

Presentarase unha memoria describindo a actividade para desenvolver no local, que se valorará ata un máximo de 50, da seguinte forma:

CRITERIO	PUNTUACIÓN
1. TIPO DE ACTIVIDADE	ata 20 puntos
Talleres de reparación e/o reciclaxe, ata 20 puntos	
Comercio de plantas e flores, ata 20 puntos	
Comercio de produtos ecolóxicos e/o artesáns (non alimentos frescos), ata 20 puntos	
Comercio doutros produtos (non alimentos frescos), ata 10 puntos	
2. Medidas de sostenibilidade medioambiental	ata 10 puntos
3. Grao de dixitalización do posto: utilización de medios de pago dixitais, páxina web, redes sociais	ata 10 puntos
4. Non ter ningún outro local comercial ou posto nun mercado municipal	ata 10 puntos

Para entrar a formar parte da lista de espera, e optar a un local comercial nun mercado, a solicitude deberá ter unha valoración mínima de 25 puntos.

SEXTA. FUNCIONAMENTO DA LISTA DE ESPERA.

6.1 O concello decidirá qué postos baleiros poden ocuparse temporalmente, tendo en conta as licitacións previstas para a ocupación en réxime de concesión e os resultados dos últimos procesos de licitación.



6.2 A comisión de valoración se reunirá ao longo da primeira quincena dos meses impares do ano (xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro), para valorar as solicitudes recibidas no período anterior.

6.3 As solicitudes recibidas no período comprendido entre a data de publicación do novo listado de postos dispoñibles e o último do mes seguinte, serán valoradas na primeira sesión da comisión de valoración que se celebre. As recibidas con posterioridade a data sinalada incluíranse no período seguinte.

6.4 Durante a segunda quincena dos meses impares publicarase as seguinte información:

- Actualización da lista de postos para o seguinte período, coa incorporación de novos postos e coas baixas derivadas das autorizacións outorgadas no período anterior.
- Actualización da lista de espera de solicitantes, ordenados por actividade e puntuación, coas novas incorporacións ao listado e as baixas derivadas das autorizacións outorgadas no período anterior

6.5 A lista de espera é única, non se fará unha lista por cada mercado, non obstante, cando a solicitude de inclusión nela se faga para un mercado concreto, farase constar, xunto coa actividade e puntuación, o mercado para o que se solicita o posto en ocupación temporal.

6.6 Cando haxa postos baleiros ofreceranse aos solicitantes respectando a orde de puntuación dentro da actividade para a que solicitaron posto

6.7 No caso de empate a puntos, terase en conta a data da solicitude para establecer a orde na lista de espera

6.8 Unha vez informada favorablemente a solicitude polo funcionario/a competente, conforme as bases anteriores, outorgarase a correspondente autorización, que terá vixencia trimestral.

SÉPTIMA. DURACIÓN MÁXIMA

7.1 As autorización de ocupación temporal se outorgan mentres non proceda ao concurso ou á poxa dos citados postos e, en todo caso, o seu prazo de duración será como máximo de catro anos.

7.2 A permanencia na lista de espera será, como máximo, de catro anos, transcorridos os cales os interesados terán que presentar nova solicitude cun proxecto actualizado.

OITAVA. COMISIÓN DE VALORACIÓN

Estará integrada por tres técnicos da área de Innovación, Emprego e Comercio, ao menos un deles adscrito ao departamento de Mercados.

SEGUNDO. Publicar estas bases na páxina web do concello en substitución das anteriores de data 11.11.2022

A Coruña, na data da sinatura dixital deste documento